

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.).
Nº28. 5 de xuño -5 de xullo de 2007. Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com

As eleccións municipais mudan os gobernos de tres dos catro concellos da bisbarra

Volco histórico na comarca

Melide, Santiso e Toques poden estrear gobernos de coalición de signo progresista

As eleccións municipais celebradas o 27 de maio depararon cambios substanciais en tres dos catro concellos da Terra de Melide. O Partido Popular non logrou revalidar as maiorías absolutas que mantiña en Melide e Santiso, ao igual que sucedeu no caso de Toques, onde o alcalde Jesús Ares perdeu o respaldo maioritario. Tan só o rexedor popular de Sobrado dos Monxes, Jacobo Fernández foi quen de manter a maioría suficiente como para poder gobernar en solitario catro anos máis.

A nivel comarcal, o Bloque Nacionalista Galego erixiuse cos mellores resultados conxuntos ao incrementar en 6 o seu número de concelleiros na bisbarra.



Cea será investida alcaldesa co apoio do PSOE

Melide estreará o 16 de xuño un goberno de corte progresista integrado por nacionalistas e socialistas. A candidatura do BNG encabezada por Socorro Cea contará co respaldo do edil socialista Manuel Prado

para a investidura de Cea como nova rexedora. O que aínda se está a negociar é o posible pacto ou acordo de goberno das dúas formacións para afrontar os catro anos de lexislatura

P 3-8

Fomento aposta polo corredor norte para o trazado da autovía

O ministerio de Fomento aposta polo chamado corredor norte para aproximar a autovía Santiago - Lugo a Melide. Jesús Copa, responsable de área de Fomento en Galicia así o expuxo nun acto organiza-

do polo PSOE de Melide. Copa recoñeceu que o corredor norte é o que máis afección ambiental presenta, e indicou que as obras poderían iniciarse a finais do ano 2008 ou principios de 2009 **P10**

Vivenda saca a concurso a segunda fase do polígono

A consellería de Vivenda vén de sacar a concurso as obras da segunda fase do polígono industrial de Melide. A actuación, orzamentada en preto de dous millóns de euros, dotará o polígono de 67.507

novos metros cadrados de superficie, que se distribuirá en 39 parcelas para uso industrial e comercial, e catro de cesión municipal. A empresa adjudicataria terá seis meses para executalas **P11**

CULTURA

Vai de camiño fará parada en tres concellos da comarca | O programa lúdico e cultural impulsado polo Xacobeo levará a Toques, Melide e Sobrado varias actuacións durante o verán **P18**

Editorial

Xa falta menos

O día 22 deste mes remata o prazo para que as empresas interesadas presenten ofertas para executar a ampliación do polígono industrial de Melide. Si. Xa falta menos para que a agardada segunda fase se poña en marcha, e iso, sen dúbida, é unha excelente nova.

O polígono industrial de Melide está aqueixado de falla de vitalidade. Parte das parcelas carecen de actividade, e moitas das empresas que están alí asentadas non poden presumir de dispór dos servizos básicos que se precisan nunha zona industrial. Por se iso fose pouco, moitas empresas da comarca e de fóra non poideron asentarse na Madanela por falta de solo industrial. Un solo industrial que agora, logo de moito agardar, semella que si teremos.

A segunda fase dotará ao parque empresarial de arredor de 40 novas parcelas. Esas parcelas, se todo vai como parece, xa teñen pretendentes, e iso é unha gran nova. Porque que haxa empre-



sarios interesados en asentarse no polígono de Melide leva implícito que a xente lle ve futuro a esta comarca. Ademais, esas empresas que pretenden facerse co chan industrial serán fontes de emprego. E todos sabemos que as vilas e os concellos medran se hai emprego. É coma un círculo vicioso que se retroalimenta, e

que, unha vez que está encamiñado, é difícil de deter.

Así pois, agardamos a que as obras de execución da segunda fase comecen pronto para que as empresas se asentén canto antes.

Ademais, ben é sabido que, canto antes teñamos que pedir a terceira fase, mellor.

Tribuna de opinión

Seguridade

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ

Na Asociación de Empresarios Terra de Melide-Centro Comercial Aberto tivemos, e temos, claro qu o primordial é procurar para a nosa comarca os mellores servizos. Porque entendemos que para que Melide e os concellos próximos vaian para diante, é fundamental contar con servizos adecuados.

O mes pasado atopámonos coa desagradable noticia de que os actos vandálicos volveran facer acto de presenza no polígono industrial da Madanela. Nese momento o primeiro que me pasou pola cabeza foi a necesidade de volver a darlle un empurrón ao proxecto no que estivemos a traballar o ano pasado.

En 2006 dende a asociación estivemos movendo fíos coa idea de conseguir para o parque empresarial un sistema de vixilancia que evite situacións desagradables como as vividas o pasado mes. Naquel momento, e co respaldo de moitos socios, buscamos orzamentos e preparamos un proxecto que, finalmente, non continuou adiante.

A pesar de que nese intre non se deu o paso, as xestións están feitas, e xa coñecemos o que nos suporía manter a vixilancia no polígono, e extendela a unha patrulla á vila. Esa opción está aí, e só é preciso que entre todos decidamos poñela en marcha. Só hai que descolgar o teléfono para que en ASETEM-CCA volvamos a xestionar e a buscar a mellor fórmula para garantir a tranquilidade e a seguridade de todas as empresas que están instaladas no parque empresarial da Madanela, e que se atopan cada certo tempo con desagradables situacións.

Porque, á fin e ao cabo, a tranquilidade e a garantía de que todo marchará ben é fundamental para que as nosas empresas miren adiante sen incertidumes. Ademais, se queremos que Melide se convirta pasiño a pasiño nun referente industrial e comercial, está claro que deberemos ofrecer tranquilidade e garantías a todos os que se interesen. Dende logo, ASETEM-CCA estará aí.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Lorena García Calvo

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Xosé Domingos Fuciños, Vanessa Martínez Iglesias, Rocío Freire, Ángel Curtis, AGXPT.

AGRADECEMENTOS: Jorge Sangiao, M^a Pilar López

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores



Tres dos catro concellos da comarca poden renovar o seu goberno por medio de pactos

Tan só o rexedor de Sobrado dos Monxes se asegurou o 27 de maio a alcaldía

A cidadanía falou, e fíxoo en clave de cambio. O 27 de maio as urnas da comarca de Melide transmitiron a vontade dos veciños de renovar as institucións municipais. Dos catro concellos da comarca da Terra de Melide, e salvo sorpresa, tan só Sobrado repetirá rexedor. Os pactos de goberno permitirán en Melide, Santiso e Toques renovar aos seus respectivos equipos de goberno sempre e cando se chegue a acordos. O que non mudará en exceso a súa estrutura será o concello de Sobrado dos Monxes, no que o rexedor popular Jacobo Fernández só cede un escano e conserva unha ampla maioría absoluta.

O escrutinio das papeletas na comarca debuxou un panorama de pactos que, en principio, auparán ás alcaldías da comarca a tres formacións distintas. En Melide o Bloque Nacionalista Galego respaldarase no PSOE para acceder á alcaldía logo de colleitar igual número de escanos que o Partido Popular. En Santiso será preciso un goberno tri-

partito liderado polos independentes se finalmente queren arrabatar a alcaldía a Villar tras 28 anos no cargo. A coalición, coa Candidatura Independente de Santiso á cabeza deberá estar respaldada por PSOE e BNG.

No caso de Toques as urnas quixeron que sexa preciso un entendemento entre PSOE e PP para, co apoio do BNG, relegar a Jesús Ares ao grupo da oposición.

Agora haberá que agardar ata o día 16 de xuño para que se clarexen definitivamente os acordos na constitución das novas corporacións.

Resultado global

A nivel comarcal os comicios do 27 de maio foron as eleccións do BNG. Os nacionalistas experimentaron un forte impulso na Terra de Melide grazas ás fortes subidas de Sobrado e Melide. Respecto ao 2003 o Bloque suma 6 novos concelleiros na comarca, tres apoiados en Sobrado, 2 en Melide, e a acta acadada en Toques.



A normalidade presidiu a xornada electoral nos catro concellos da comarca

Pola contra, o Partido Popular eríxese como a formación quemáis acusou a perda, ao ceder un concelleiro en Melide, un en Sobrado e un en Santiso (os cómputos non recollen o caso de Toques).

Pola súa banda, o PSOE mantén igual número de actas na comarca ca nas anteriores eleccións municipais, posto que as baixadas de Melide e Sobrado (perderon un concelleiro en

cada municipio) palíanse coas subidas rexistradas en Santiso e Toques.

En canto ás formacións independentes, os cidadáns respaldaron as candidaturas de Jesús Ares en Toques, e a da Candidatura Independente de Santiso, que subiu un escano, pasando de dous a tres concelleiros.

Sen representación

Os pasados comicios municipais destacaron pola pro-

liferación de listas independentes. No caso de Cidadáns de Galicia, o partido non conseguiu os votos precisos para ter concelleiro en Melide nin en Sobrado dos Monxes, os dous municipios da bisbarra no que formaron lista. No caso de Santiso, Terra Galega, a quinta candidatura en liza, non superou a barreira do primeiro concelleiro, ao contabilizar soamente 40 votos.

Doce mulleres formarán parte das novas corporacións

Das 44 actas de concelleiro que compoñen as corporacións da Terra de Melide, 12 (27%) estarán ocupadas por mulleres. Melide, con Socorro Cea á fronte da alcaldía é o concello no que máis pegada terán as edís, posto que dos trece edís da corporación, 6 serán mulleres. Xunto con Cea, ao BNG pertencen Conchi Castro, Ana Isabel Ramos e María José Rodríguez. A elas súmaselles a ata agora alcaldesa, Án-

xeles Vázquez e a súa compañeira de partido, María Dolores Gómez Neira.

En Santiso á independente Matilde Pallares e á socialista Inés Cagide, que renovan as súas actas de concelleiras, súmaselles a popular María del Carmen Curros.

En Sobrado a candidata socialista, Sandra Fernández estará acompañada da popular María Rocío Cortos. En Toques, Cruz Bando segue na corporación.

A abstención media da comarca resultou inferior ao 30%

Os comicios municipais do 27 de maio conseguiron mobilizar a arredor do 70% do censo electoral da Terra de Melide. A abstención media en toda a comarca situouse entornao ao 30%, un dato aproximado ao que se rexistrara nas últimas eleccións municipais, celebradas no ano 2003.

Toques foi, con diferenza, o concello no que máis censados acudiron a votar, mentras que Melide rexistrou a taxa de abstención

máis alta da bisbarra.

En Toques case o 79% dos veciños maiores de 18 anos acudiron ás urnas. A pesar da alta participación que se rexistrou, a abstención medrou en máis de dous puntos respecto ás anteriores eleccións.

No caso do concello de Melide, a abstención situouse no 34%, un ratio que supón unha baixada de apenas unhas décimas respecto ao chamamento do 2003.

Santiso foi o concello da comarca que máis viu incrementada a participación dos votantes, posto que a abstención baixou máis de cinco puntos ata situarse no 33,5%.

Polo que respecta ao concello de Sobrado, máis do 70% dos electores acudiron o día 27 aos colexios electorais para decidir a nova corporación. A pesar de que a abstención non chegou ao 30%, respecto ao ano 2003, subiu 5 puntos.

Un pacto de BNG e PSOE apartará ao PP do goberno logo de 16 anos no poder

Socorro Cea substituirá a Vázquez no sillón da alcaldía co respaldo do PSOE

O 27 de maio deulle a volta á corporación melidense. A partir do 16 de xuño a nacionalista Socorro Cea será a nova alcaldesa do municipio logo de asegurarse o respaldo do socialista Manuel Prado na toma de posesión. E é que os votos dos veciños apostaron polo cambio por medio de pactos.

As urnas melidenses optaron por retirarlle a maioría absoluta á ata agora alcaldesa en funcións Ánxeles Vázquez, que, na súa primeira concurrencia ás urnas, non contou co respaldo suficiente como para gobernar.

Os resultados

O Bloque Nacionalista Galego de Melide foi a única forza que conseguiu mellorar os seus resultados respecto aos comicios do 2003. Os nacionalistas sumaron dous concelleiros que lles permite igualar os seis edís cos que o Partido Popular afrontará os vindeiros catro anos. Os populares rexistraron un baixón

de máis de 300 votos que lles restan un escano e que os deixan sen a maioría absoluta que precisaban para poder gobernar en solitario.

Pola súa banda, o PSOE melidense tamen rexistrou unha notable perda de votos que os deixa cun escano, pero que lles permite ter nas súas mans a chave do goberno de progreso. Aínda que as negociacións entre BNG e PSOE non concluíran ao peche desta edición, si estaba confirmado o apoio de Prado ao BNG para a investidura de Socorro Cea como nova alcaldesa de Melide.

O que non conseguiu entrar na corporación foi Cidadáns de Galicia, que só conseguiu contar co respaldo de 213 votantes.

Reparto

As parroquias seguen a ser o graneiro de votos do Partido Popular de Melide. O 27 de maio deixou ao BNG como a forza máis votada na vila, mentras que



Cea celebrou o trunfo electoral rodeada de veciños e simpatizantes

o Partido Popular, aínda que cede terreo, mantén o seu dominio respecto ás candidaturas de esquerdas. Pola contra, o BNG converteuse na forza máis votada en cinco das seis mesas ubicadas na vila, colleitando só no núcleo urbano máis votos que o total asignado nos anteriores comicios municipais.

OS DATOS

Resultados do 27-M e (diferencia respecto a 2005)

Partido Popular	2.443 (baixa 305)	6 edís
Bloque Nacionalista Galego	2.168 (sube 740)	6 edís
PSOE	499 (baixa 410)	1 edil
CldeGA	213	0 edil
Nulos	32 (baixa 20)	
Branco	37 (baixa 16)	
Abstención:	34,06%	(baixa 0,19%)

A nova corporación

Bloque Nacionalista Galego
 Socorro Cea Vázquez
 Xosé Antonio Díaz Rodríguez
 Conchi Castro Pedreira
 Ana Isabel Ramos Rúa
 Xosé Antón Varela Antas
 María Xosé Rodríguez Gómez

Partido Popular
 Ánxeles Vázquez Mejuto
 Santos López Novo
 María Dolores Gómez Neira
 Himerio Curros Vázquez
 José Roca Rodríguez
 Jesús Penas Castro

Partido Socialista Obrero Español-PSdeG
 Manuel Prado Puga

MESA	PP	BNG	PSdeG	CldeGA
Melide 1-A	185	214	65	7
Melide 1-B	152	166	51	15
Melide 2-A	173	231	52	27
Melide 2-B	195	168	33	15
Melide 3-U	190	321	30	8
Melide 7-U	225	388	67	28
Baltar	114	54	10	2
Maceda	218	85	34	20
Furelos	148	100	21	20
Campos	105	53	35	13
Barreiro	191	56	22	3
Folladela	202	107	28	12
Moldes	92	46	4	23
Cazallas	311	169	47	20
TOTAL	2.443 (45,98%)	2.158 (40,62%)	499 (9,39%)	213 (4,01%)

Un pacto de CIS, PSOE e BNG pode poñer punto e final a 28 anos de Villar como alcalde

A perda da maioría absoluta do PP pode levar a Leiva a presidir a corporación

Logo de 28 anos á fronte do concello de Santiso, o alcalde en funcións, Ramón Villar, podería deixar a alcaldía o vindeiro 16 de xuño se finalmente fructifica un pacto a tres bandas. O 27 de maio a candidatura do Partido Popular de Santiso non conseguiu o número de votos necesario para facerse co sexto concelleiro, perdendo así a maioría absoluta que atesoraba a formación.

Mentras que o Partido Popular rexistrou un descenso de 143 votos, tanto a Candidatura Independente de Santiso como o PSOE incrementaron o seu apoio, tanto en número de sufraxios, como en representación no pleno da corporación. A candidatura liderada por Ovidio Leiva conseguiu o terceiro escano, e preséntase como o máximo aspirante a suceder a Villar na alcaldía se finalmente prospera o acordo dos tres grupos da oposición. Pola súa banda os socialistas rexistraron a maior subida en número de votos, conseguindo facerse coa segunda acta de concelleiro.

Os que non lograron incrementar o seu número de escanos foron oa nacionalistas. O BNG sufriu un lixeiro descenso en canto a número de sufraxios recibidos, e quedouse ás portas de conseguir o segundo edil na corporación de Santiso.

Tampouco conseguiron os votos precisos para obter

un escano os candidatos de Terra Galega. A formación encabezada por Fernando Valle quedouse nos 40 votos, lonxe de obter un concelleiro.

Negociacións

Candidatura Independente de Santiso, PSOE e BNG teñen de marxe ata o 16 de xuño para negociar un posible pacto ou acordo de goberno que deixaría ao Partido Popular fóra das labores de xestión do concello. As tres forzas ata agora da oposición están en disposición de plasmar un acordo para un goberno de progreso no que Ovidio Leiva sería o mellor posicionado de cara a facerse coa alcaldía. Os tres edís que conseguiu o CIS requirirán os apois dos dous concelleiros do PSOE e do edil do BNG para lograr a alcaldía. Os candidatos das tres formacións xa manifestaran tralo 27 de maio a súa preferencia por un goberno de progreso. Ata o día 16 os tres partidos deberán negociar as condicións dese pacto, e a futura distribución de competencias.

Outras posibilidades

Aínda que o tripartito entre CIS, PSOE e BNG é unha das opcións que cobraban máis forza ao peche desta edición, o abano de posibilidades é amplo. No caso de que finalmente a coalición a tres bandas non prospere, o día 16 Villar podería botar man dos seus escanos



CIS celebrou en Visantoña o seu mitin de peche de campaña cos veciños

para manter a alcaldía, se ben é certo que á hora de gobernar, vería moi limitada a súa xestión ao non poder sacar adiante en solitario as propostas.

A terceira das opcións que posibilitan en Santiso os resultados electorais do 27 de maio pasaría por un goberno de Villar apoiado nalgún dos outros tres partidos políticos; unha opción que a priori non tería visos de prosperar se se atenden aos argumentos do cambio que os partidos esgrimiron durante a campaña electoral, e á posible factura dentro de catro anos.

Outra das opcións que se abren no panorama de Santiso tralo 27 de maio pasaría por un goberno encabezado por CIS, PSOE ou BNG, e respaldado polo PP.

OS DATOS

Resultados do 27-M e (diferencia respecto a 2005)

Partido Popular	722 (baixa 143)	5 edís
CIS	384 (sube 124)	3 edís
PSOE	353 (sube 127)	2 edís
BNG	200 (baixa 16)	1 edil
Terra Galega	40	0 edil
Nulos	10 (baixa 8)	
Branco	8 (baixa 4)	
Abstención:	33,55% (baixa 5,53%)	

A nova corporación

Partido Popular
Ramón Vilar Edreira
Manuel Suárez Frade
Ramiro Camino Rial
José Luís Oro Pazos
María del Carmen Curros Mendoza

Candidatura Independente de Santiso

Ovidio Leiva Pereiro
José Manuel Sexto Torreiro
Matilde Pallares Cagide

Partido Socialista Obrero Español-PSdeG

Inés Cagide Val
Daniel Roibás Vázquez

Bloque Nacionalista Galego

Xosé Manuel Camino Romero

MESA	PP	CIS	PSOE	BNG	TEGA
Visantoña	307	86	133	137	15
Novela	163	159	58	51	9
Arcediago	252	139	163	12	16
TOTAL	722	384	354	200	40

Fernández revalida a maioría e o BNG convértese na segunda forza no concello

Os nacionalistas pasan de cero a tres actas, e o PSOE acada un escano

Sobrado é o único concello da comarca da Terra de Melide que a noite do 27 de maio coñecía con certeza o nome do seu alcalde para os vindeiros anos. E é que o popular Jacobo Fernández foi o único dos rexedores que revalidou a maioría absoluta que lle permitirá aos populares continuar gobernando o municipio sen ter que botar man de acordos ou pactos.

Os resultados

O Partido Popular erixiuse novamente como a forza máis votada en Sobrado dos Monxes. Dos once concelleiros que compoñen a corporación, a candidatura que encabezou Jacobo Fernández fíxose con sete actas, cedendo tan só un escano respecto aos anteriores comicios; o que traducido en votos foron 199 sufraxios menos.

A pesar de que o PP ratificou o seu dominio en Sobrado, o gañador espiritual dos pasados comicios foi sen dúbida o BNG. A candidatura dos nacionalistas, encabezada por Antonio Lago conseguiu entrar na corporación de Sobrado converténdose na segunda forza política municipal grazas aos tres concelleiros acadados.

Nas eleccións do 2003 a

candidatura nacionalista só conseguira 116 votos, unha cifra que non fora suficiente para acadar representación no pleno. Sen embargo, desta volta a candidatura que encabezou Lago colleitou 478 sufraxios que os deixaron a escasos votos do cuarto edil, e que lles permiten converterse na segunda forza política en Sobrado dos Monxes.

Os que non conseguiron manter a representación colleitada nos anteriores comicios foron os socialistas. A renovada candidatura do PSOE colleitou os votos suficientes para un escano, pero non logrou manter as dúas actas de concelleiro que conseguiran no 2003.

Non estarán representados no pleno da corporación serán os integrantes de Cidadáns de Galicia. A nova formación tan só colleitou o respaldo de 66 votantes, un número insuficiente para facerse coa primeira acta de concelleiro.

Investidura

Ao igual que nos demais concellos da bisbarra, o día 16 terá lugar a constitución da nova corporación de Sobrado dos Monxes. Neste caso non haberá que agardar para coñecer o nome do rexedor, posto que Jacobo Fernández será in-



Sobrado continuará cun goberno do Partido Popular durante os vindeiros catro anos

vestido nomamente alcalde grazas aos sete concelleiros acadados polo Partido Popular.

Proxectos

A partir do 16 de xuño o novo goberno de Jacobo Fernández deberá afrontar os retos que Sobrado dos Monxes ten por diante. Durante a campaña o ratificado rexedor plantexara o desenvolvemento dos servizos sociais e a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal como as dúas metas a cumprir durante a lexislatura que agora comeza.

OS DATOS

Resultados do 27-M e (diferencia respecto a 2005)

Partido Popular	1.059 (baixa 199)	7 edís
BNG	478 (sube 362)	3 edís
PSOE	179 (baixa 177)	1 edil
Cidadáns de Galicia	66	0 edil
Nulos	14	(sube 2)
Branco	8	(baixa 7)
Abstención:	29,58%	(sube 5,06%)

A nova corporación

Partido Popular

Jacobo Fernández García
José Antonio Espiño Rodríguez
María Rocío Cotos Cabado
José Ovidio Cabanas Rodríguez
José Antonio Sánchez Cabanas
Esteban Ramos Seoane
José Antonio Vizcaino Gómez

Bloque Nacionalista Galego

Antonio Lago Verdura
Manuel Cotos Fernández
Borja Cardesín Vila

Partido Socialista Obrero Español-PSdeG

Alejandra Fernández Lodeiro

MESA	PP	BNG	PSdeG	CIdeGA
Tellados	115	87	20	91
Senín	128	51	21	14
Cepo	87	66	33	3
Esgueva	188	55	20	5
Dombrete	156	70	21	2
As Cruces	107	53	11	8
Porta	278	96	48	26
TOTAL	1.059	478	174	67

Ares perderá o bastón de mando se PSOE, PP e BNG chegan a un acordo

As tres formacións amosaron xa a súa disposición a chegar a un entendemento

Os comicios do 27 de maio foron na comarca as eleccións dos pactos, posto que en en tres dos catro concellos son plausibles acordos a dúas ou tres bandas para mudar o signo político do goberno. No caso de Toques, ao igual que en Santiso, será preciso un tripartito para arrebatarlle a Jesús Ares a alcaldía. Os resultados que saíron das urnas o 27-m debuxaron un arco político no que Xuntos cara o progreso de Toques non logra a maioría suficiente para poder gobernar en solitario, unha condición a priori imprescindible para que o actual rexedor en funcións manteña a alcaldía.

Os resultados

Xuntos para o progreso de Toques, a formación creada por Ares para poder concorrir ás eleccións municipais trala súa expulsión do Partido Popular, erixiuse na forza máis votada no concello o 27 de maio. A lista de Ares obtivo o respaldo de 523 votantes que lle dan catro escanos, unha maioría non absoluta. A segunda candidatura que máis respaldo cidadá obtivo foi a socialista que encabezou Miguel Buján. O PSOE logrou conservar o escano que ata agora defendeu Cruz Bande, e sumarlle outra acta. A renovada lista que o Partido Popular presentou en Toques contou coa confianza de 260 votantes. A candidatura encabezada por Jorge Calvo Pestonit foi a

terceira máis votada tralas listas de Ares e Buján. A cuarta formación política que logrou representación na corporación toquense foi a lista nacionalista encabezada por Manuel Ferro. O BNG presentou por primeira vez en Toques unha listaseria e traballada, e obtivo o respaldo dos veciños para colleitar unha acta de concelleiro que ocupará o propio Ferro. Ao igual que nas anteriores eleccións municipais, os comicios en Toques distinguíronse pola alta participacións, que superou o 78% do censo electoral, case tres puntos menos que en 2003, pero un ratio que supón o índice de participación máis alto da comarca.

A hora dos pactos

Igual que ocorre no concello de Santiso, haberá que agardar ao pleno de constitución da nova corporación para coñecer a con certeza o novo grupo de goberno. E é que a maioría non absoluta asinada por Xuntos Cara o Progreso de Toques abre camiño a un tripartito que podería levar a Buján a presidir a corporación. Os cinco concelleiros que suman PSOE, PP e BNG tralo 27-m son suficientes para formar un equipo de goberno que deixe nos bancos da oposición ao actual rexedor en funcións. Para elo, será preciso que PSOE ou PP consigan a través de acordos ou pactos o respaldo das demais forzas políticas. De antemán, é o PSOE



O PSOE organizou un mitin para achegarlle as súas propostas aos veciños

a forza política que parte con máis opcións de facerse coa alcaldía, posto que foi a lista de Buján a que máis votos obtivo das tres que conformarían o tripartito. Aínda que os partidos se amosaron dispostos a chegar a un acordo, será preciso dilucidar nestes días os pormenores dun plausible pacto e determinar o reparto de funcións e competencias. Aínda que as opcións tamén permitirían un goberno de Ares en minoría, ou mesmo un goberno encabezado ou respaldado pola súa candidatura e outra formación, estas posibilidades semellan descartadas de antemán. Será o 16 de xuño cando se esclarezan definitivamente o novo goberno.

OS DATOS

Resultados do 27-M e (diferencia respecto a 2005)		
PSOE	278 (sube 132)	2 edís
PP	260 (baixa 556)	2 edís
BNG	133 (sube 128)	1 edil
X.C.P.T.	523	4 edil
Nulos	4 (baixa 1)	
Branco	3 (baixa 2)	
Abstención:	21,61% (sube 2.87%)	

A nova corporación

Partido Socialista Obrero Español-PSdeG

Miguel Ángel Buján Varela
 María Cruz Bande Buján

Partido Popular

Jorge Francisco Calvo Pestonit
 Arturo Penas Pardo

Bloque Nacionalista Galego

José Manuel Ferro Prieto

Xuntos cara o progeso de Toques

Jesús Ares Vázquez
 Manuel Penas Penas
 Arturo Prado López
 Manuel García García

MESA	XCPT	PSOE	PP	BNG
Souto	154	122	87	37
Paradela	202	81	106	58
Vilamor	167	75	67	38
TOTAL	523	278	260	133

O SOL

LORENA GARCÍA CALVO

Promesas, confianza e responsabilidade

O 27 de maio as urnas apostaron na comarca por probar os beneficios da palabra *cambio*. Ese cambio haberá que ratifícalo agora en pleno. O 16 de xuño os salóns plenarios de Melide, Toques e Santiso están chamados a ser o escenario no que os políticos deberán corresponder á vontade cidadá e executar ese *cambio* votado pola maioría que agora denigran os que noutrora algúns enxalzarón. Igual que o 27 de maio os partidos políticos apelaron á responsabilidade dos cidadáns, agora tócalle ao pobo apelar á responsabilidade dos políticos. Este é o momento de deixar a un lado egoísmos, e siglas e de apostar polo ben común, aínda que sexa na figura de tripartitos de seo antagónico. Non se trata de facer concesións impensables e imposibles un mes atrás, senón de responder á confianza depositada por todos e cada un dos veciños e veciñas que no momento de introducir a papeleta optaron pola que poñía *cambio*.

Agora, en plena voráxine negociadora, non queda máis que apelar á xenerosidade dos políticos, e sobre todo, á súa palabra. Porque, á fin e ao cabo, durante quince días estiveron reclamando apoios amparándose no reiterativo *cambio*. Os veciños cumpriron o seu papel nas urnas, e agora tócalle aos políticos cumprir o seu nos despachos. Porque hai que lembrar que dentro de catro anos o turno de palabra recaerá novamente no pobo, e éste ten boa memoria.

Todos sabemos que desta volta o demo foi máis arteiro ca nunca e a través de outrora impensables tripartitos está a botarlle un pulso á palabra dada polos políticos, pero é que ás veces o destino, e as urnas, son caprichosos. O 27 de maio a cidadanía falou. Fíxoo alto e claro, a pesar de que sempre hai quen oe baixiño e distorsionado. Ese domingo, de noite gris para algúns e de ceo estrelado para outros, os protagonistas fomos os veciños. Agora deben ser os políticos os que recollan o guante.

Durante a campaña, na miña *tourné mitinera* escoitei de todo un pouco, pero, sen dúbida, a palabra que máis me quedou na mente -*ilusión* aparte- foi ese *cambio*. Porque ben se sabe que a un mes vista de calquera comicio, os políticos, sobre todo os aspirantes, roubanlle aos dicionarios a palabra *cambio* para cargala de entusiasmo, esperanza, e boas intencións; o que comunmente se chaman promesas. Ese *cambio* proclámase como consigna e bandeira, e, en moitos casos, é por sí o maior argumento de peso que esgrimen os alcaldables. Pero, agora, sobra falar del. O que toca é experimentallo.

CRÓNICA | De tourné mitinera antes do 27-M

Para todos os gustos ... e cores*A campaña destacouse pola celebración de numerosos mítines tanto en Melide coma nos concellos veciños*

Quince días de campaña dan para moito. Chegan a funcionar a modo de curso intensivo de dialéctica política que nalgúns casos mesmo capacita ao auditorio para aventurar a argumentación das estrelas convidadas aos mítines. Porque ben é certo que durante as dúas semanas de campaña, houbo quen visitou a comarca por partida triple. É o caso do presidente da Deputación da Coruña, o socialista Salvador Fernández Moreda, que non dubidou en respaldar as candidaturas do seu partido en Melide, Santiso e Toques.

A primeira liña política a nivel galego deixouse ver pola comarca nas figuras do popular Alberte Núñez Feijoo, que acudiu a respaldar a Vázquez e á súa candidatura; e dos conselleiros de Cultura e Medio Ambiente, que fixeron o propio con Cea e Prado.

Música e máis

Que a política entra mellor acompañada, debeu ser o que pensaron boa parte das formacións que concorreron ás municipais a tenor dos presentes cos que agasallaron aos veciños. As simbólicas rosas vermellas



Fernández Moreda multiplicou as súas visitas á comarca

non faltaron nos mítines socialistas que se celebraron na bisbarra. No caso da música, houbo para todos os gustos, dende a orquestra do mitin de Cidadáns de Galicia en Melide, aos sons máis enxebres cos que abriron a presentación da candidatura do BNG melidense. Tamén en Santiso o CIS se decantou por poñer música ao seu mitin de peche de campaña.

En calquera caso, o que non faltaron na meirande parte dos mítines celebrados foron os pinchos. Houbo para todos os gustos, se ben é certo que os nacionalistas de Santiso se descubriron como os máis

espléndidos ao ambientar o encontro no Pazo de Vilar de Ferreiros.

Agasallos

As empresas de márquetin fixeron coa campaña electoral o seu agosto particular. E é que os agasallos dos distintos partidos repetiron os clásicos chisqueiros, bolígrafos, lápices e pegatinas. Sen embargo, foi o PP melidense o partido que se erixiu como o máis xeneroso ao agasallar con prantas, portacédés, estuches de manicura e bolígrafos aos veciños que se achegaron á presentación da candidata e á da candidatura.

**Anúnciate
en Cerne**

**Chama ao
981.506.188
e infórmate
sen
compromiso**

HC
Hotel Carlos '96

RESTAURANTE
CAFÉ - BAR
BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 53 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es




**Joyería
Oro Ley**

Taller Propio

**Rúa San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A CORUÑA) Telf.: 981505468**

UN PUNTO DE ENCONTRO NA RUTA MÁIS VIVA DE EUROPA



Esta opción transcorre paralela á N-547, pero é a de maior impacto ambiental

Fomento aposta polo corredor norte para o trazado da autovía por Melide

O responsable de Estradas en Galicia prevé que as obras comecen a finais de 2008

O chamado corredor norte da autovía Santiago-Lugo ao seu paso por Melide é, a día de hoxe, a opción predilecta para o ministerio de Fomento. Así o afirmou en Melide o director de área da Delegación en Galicia do Ministerio de Fomento, Jesús Copa Novo, nun acto informativo organizado polo PSOE local.

Copa manifestou que *a aposta de Fomento pasa polo corredor norte, pero é imprescindible ter o visto bo de Medio Ambiente*. O responsable de Fomento recoñeceu que o corredor Norte, que é o que máis preto pasa da N-547, e que discorre en paralelo á estra-



Copa Novo explicou a situación da autovía nun encontro cos veciños

da, é o que ten maior impacto medioambiental na zona. Por iso Copa advertiu de que é imprescindible contar coa correspondente declaración de impacto ambiental favorable á actuación.

O responsable de Fomento

en Galicia non eludiu falar de prazos, e afirmou que agardan que entre os meses de xullo e setembro se conte xa co estudo informativo publicado. Logo disto, haberá un prazo de tres meses para información pública.

Segundo Copa, os prazos

que se manexan para o inicio das obras na zona poderían datarse para finais de 2008 ou comezos do 2009. Copa recoñeceu que o trazado que atravesa a comarca melidense leva un retraso de tres anos respecto ó traxecto Lavacolla-Arzúa.

Copa apunta a que unha decisión política tentou alonxar a vía da comarca

José Copa Novo tentou na súa intervención en Melide clarificar aos asistentes á xuntanza as razóns do retraso na definición do trazado Melide- Palas de Rei. O responsable de Fomento apuntou a que o goberno autonómico anterior tentara aproximar a vía á comarca do Deza, achegándoa a Agolada, e aproximándoa deste xeito a Lalín. Segundo Copa, esta era unha decisión política, porque *¿dende cando para ir a Lugo hai que pasar por Lalín?*. Por iso, explicou Copa Novo, coa entrada do novo goberno de coalición na Xunta de Galicia, e co PSOE na carteira de Fomento se optou por apostar polo trazado da A-54 pola comarca da Terra de Melide.

Ferreiro lidera o grupo de históricos trala disputa dos dous primeiros ralis

O melidense Xesús Ferreiro lidera o Campionato de España de Rali de vehículos históricos trala disputa das dúas primeiras probas. O piloto da escudería Melide Motorsport e o seu copiloto, Roberto Lorenzo, asinaron o trunfo nas probas disputadas en Cantabria e Galicia.

O debú de Ferreiro e o seu Ford Escort MK II no campionato nacional foi no Cantabria Infinita, unha proba disputada en terras de Santander. O melidense conseguiu facerse co trunfo logo de ir durante toda a

proba meténdolle segundos ao seu máximo rival, Antonio Sainz, irmán do campión do mundo Carlos Sainz, e que non deu concluído a proba.

A segunda das probas do campionato de España de Históricos xa se celebrou en territorio galego. Ferreiro foi o único da categoría que tomou a saída no Rías Baixas, o que lle asegurou manter o liderato colleitado en Santander. Aínda que ningún dos seus rivais de grupo tomou a saída na proba pontevedresa, Ferreiro puxo toda a



A escudería Melide Motorsport presentouse ante os melidenses

carne no asador e concluíu no posto 21 da xeral.

A vindeira cita da escudería Melide Motorsport será en

terras ourensás na fin de semana do 23 de xuño. En principio agárdase que os rivais máis fortes do cam-

pionato xa tomen a saída nesta proba, que deixará ver cales son os máximos aspirantes ao título.

A actuación está orzamentada en preto de dous millóns de euros

Vivenda saca a concurso a segunda fase do polígono

As empresas interesadas en executar as obras de ampliación da área poderán presentar ofertas ata o 22 de xuño

A consellería de Vivenda e Solo sacou a concurso a urbanización da segunda fase do parque empresarial da Madanela. O departamento autonómico que dirixe a nacionalista Teresa Táboas pechará o día 22 o prazo para que as empresas interesadas en executar a actuación presenten as súas ofertas. Vivenda destinará un orzamento de 1,919.458 euros á urbanización da segunda fase do polígono industrial melidense, que dotará de 67.507 novos metros cadrados a zona empresarial.

A segunda fase do polígono incrementará en 39 as parcelas para uso industrial e comercial do parque melidense. O concello de Melide contará cunha reserva de catro parcelas que serán de cesión municipal. As parcelas da segunda fase do polígono terán unha superficie que oscilará entre os 702 e os 3.275 metros cadrados. Vivenda estableceu un prazo de seis meses para a execución das obras de

urbanización unha vez adxudicada a actuación.

Novo parque

Coa execución da segunda fase do parque empresarial da Madanela, a área industrial melidense chegará aos 142.513 metros cadrados de superficie dos cales 81.402 estarán adicados a uso industrial e comercial. A superficie restante reservase para equipamentos sociais, rede viaria, aparcadoiros e zona verde. Coas 39 novas parcelas que se urbanizarán, o polígono melidense chegará ás 74 parcelas.

A urbanización da segunda fase do parque vén dar resposta a unha vella demanda dos empresarios locais e de colectivos como ASETEM-CCA, que veñen reiterando dende hai tempo a necesidade de facilitar solo industrial para a instalación de novas empresas. Varios empresarios suxeriron ademais a necesidade de instar a Vivenda a apostar por unha terceira fase.



Os autores dos feitos empotraron un camión contra a parede posterior do lavadoiro

Causan cuantiosos destrozos nunha empresa do parque empresarial

A seguridade do polígono industrial melidense quedou en entredito o pasado mes cando tres empresas da zona foron vítimas de intentos de roubo. Na madrugada do 9 de maio un ou varios descoñecidos accederon por medio dun butrón ás instalacións da empresa Tecnamelide, adicada á mecánica rápida e aos neumáticos. Unha vez lograron acceder á nave, causaron numerosos desperfectos que afectaron á rede eléctrica, á ventilación e ao suministro de auga. Ademais, estrelaron o todotereo da empresa, ao que lle ocasionaron

múltiples danos.

Así mesmo, no lavadoiro de vehículos situado ao carón da nave, os autores dos feitos estrelaron un camión contra o muro posterior. O xerente da empresa, José Antonio Pampín calculaba en 40.000 euros os danos causados nas instalacións e nos vehículos. En opinión de Pampín os feitos non gardaban relación con roubo algún, posto que os autores non se levaron nada material, *e na caixa non había cartos*.

Aínda que Tecnamelide foi a empresa máis afectada polos actos vandálicos,

outras dúas naves, a de mármore Caenva e a de Ferrallas Vulcano tamén sufriron desperfectos de menor envergadura.

Foi unha patrulla da Garda Civil a que alertou dos feitos aos propietarios das empresas do polígono cando estaba a efectuar unha ronda de vixilancia polo parque empresarial, arredor das sete da mañá. Segundo indicou o xerente de Tecnamelide, a hora dos feitos puido situarse entornó ás cinco da mañá, hora na que o tacógrafo do camión empotrado contra o muro se puxo en marcha.

Un acordo de Industria e Gas Directo achegará o gas ao concello de Melide

A consellería de Innovación e Industria e a empresa Gas Directo veñen de asinar un acordo marco para levar a cabo as infraestruturas que permitan achegar o gas a dez concellos galegos, entre os que se atopa o de Melide. Os municipios beneficiarios pola sinatura do acordo serán Carballo, Pontedeume, Corís, As Somozas, San Sa-

huriño, Ortigueira, Ponteceso, Santa Comba, Arzúa e Melide. As infraestruturas que serán precisas para o servizo superan os 178 quilómetros de gasodutos e os 91 de redes de distribución.

Prazos e orzamento

O prazo que se manexa para o inicio das obras de instalación é 2007 ou 2008,

segundo se indicou na presentación do acordo marco asinado por Innovación e Industria e a empresa.

Para poder poñer en marcha o servizo, calcúlase que será preciso un investimento de 49 millóns de euros para poder afrontar as obras dos gasodutos e a distribución nos dez concellos d provincia da Coruña que se beneficiarán do convenio.

Novo informou da nova lei de dependencia aos melidenses

A delegada provincial da Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar, Tereixa Novo, participou en Melide nunha charla informativa organizada polo BNG para abordar a nova lei de dependencia.

Novo informou da situación na que se atopa o desenvolvemento da lei, e explicou aos asistentes os tres graos de dependencia

que se emprgaran para valorar aos dependentes. A delegada fixo fincapé nos baremos de dependencia, e nos diferentes recursos que se porán a disposición dos beneficiarios da lei. Novo informou ademais do centro para tramitar as solicitudes que se puxo en marcha en Melide para toda a comarca.

Melisanto festexou o seu día grande

A cooperativa celebrou o San Isidro inaugurando as instalacións do seu novo centro de produtos da horta

A festividade de San Isidro, patrón dos labradores, foi este ano máis especial se cabe para a gran familia que forman os socios e traballadores da Cooperativa Melisanto. Aproveitando a celebración do seu patrón, o colectivo inaugurou a nova sección que completa os servizos que presta a sociedade. Trátase dun centro de transformación e envasado de produtos hortícolas construído no polígono industrial da Madanela e que servirá para transformar e preparar para a comercialización todos os produtos da horta que saen dos invernadoiros dos socios da cooperativa.

Hai tres anos Melisanto comezou a impulsar a produción de produtos da horta como unha nova vía de desenvolvemento económico para os socios, que na maior parte das ocasións funciona como complemento ás explotacións que rexentan. Hoxe xa hai 26 socios na sección, con máis de 40.000 metros cadrados de superficie cuberta e outros 350.000 de cultivo ao aire libre. Produtos como

leitugas, pementos, cebolas ou tomates producíranse nos invernadoiros diseminados por toda a comarca, para transformarse e repartirse por toda Galicia a través dunha coidada rede de distribución.

A inauguración

Aproveitando a celebración de San Isidro, Melisanto inaugurou as instalacións da sección horta nun acto que estivo presidido polo conselleiro do Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, que fixo unha visita á nova planta en compañía da delegada provincial, Olga García Agra, e de numerosas autoridades locais.

No turno de discursos os oradores fixeron mención especial ao presidente de Melisanto, José Varela, que vén de facer as súas vodas de prata como presidente da cooperativa. Pola súa banda o xerente do colectivo, José Mella avanzou os proxectos nos que está a traballar xa Melisanto, e que se concretan nunha nave para recría de xoven-cas, un cebadeiro de becerros, ou o fomento de



Os convidados visitaron as instalacións e o invernadoiro da nova sección Horta

empresas agro gandeiras entre varios socios. Ademais, Melisanto centrarase nos vindeiros meses en asentar a nova sección Horta, que continúa a despertar interese en toda a comarca.

Tralo turno de discursos, os 1.200 convidados ao acto participaron nun xantar de confraternidade que se celebrou nunha carpa instalada a carón da nave da sección horta no polígono industrial.



Máis de 1.200 persoas asistiron aos actos



Varela recibiu emocionado o recoñecemento da cooperativa

Varela cumpre as súas vodas de prata á fronte da entidade

A celebración de San Isidro por parte dos socios de Melisanto deparou ao tempo unha sorpresa para o seu presidente, José Varela, que celebra este ano as súas vodas de prata á fronte da sociedade cooperativa. Durante o turno de discursos, un dos intervinientes fixo mención aos 25 anos de Varela en Melisanto, destacando a súa iniciativa á hora de por en marcha novos proxectos, e de desenrolar actividades destinadas a impulsar os sectores agrícolas e gandeiros na comarca.

Tamén se destacou a participación do presidente de Melisanto en todo tipo de proxectos cooperativistas, así como a súa pertenza a diferentes colectivos e entidades vencelladas ao mundo do cooperativismo e aos sectores agrícolas e gandeiros. Ademais do recoñecemento público dos socios de Melisanto e das autoridades presentes, Jose Varela recibiu unha praca conmemorativa dos seus 25 anos como presidente da sociedade cooperativa da Terra de Melide.

Reportaxe | O ciclo de fabricación e instalación de carpintería e moble

Ducias de mozos fan da madeira e do moble un oficio con futuro

O ciclo pode presumir ata agora de ter unha taxa de preno emprego cando os estudantes rematan a formación

No curso 1999-2000 comezou a impartirse no IES de Melide un ciclo medio de madeira. Baixo o nome de ciclo medio de *Fabricación a medida e instalación de carpintería e moble* agóchase dous anos de formación que xa cursaron preto dun cento de alumnos, e que conta ata agora cunha saída profesional do cen por cen, é dicir, de pleno emprego.

A pesar de que o ciclo se imparte en Melide, a actividade formativa, de dous cursos de duración (2.000 horas), é a gran descoñecida dentro das posibilidades formativas que se ofrecen na comarca. De feito, Arzúa é o graneiro que nutre de alumnos o ciclo, que xa foi cursado por mozos chegados dende Antas de Ulla, Chantada, Boimorto, ou Curtis.

Preparar a conciencia aos alumnos nos campos da

fabricación de mobles e carpintería, así como na súa instalación é o obxectivo do ciclo que se imparte en Melide.

Nos dous cursos nos que se distribúen as clases impártense tanto materias teóricas como prácticas, se ben é xa no segundo curso cando a carga práctica é máis ampla. De feito, os últimos tres meses do ciclo correspóndense con prácticas en empresas, un requisito que os profesores do ciclo tildan de complemento perfecto á súa formación.

Os traballos

A cualificación dos alumnos que saen do ciclo melidense está fora de toda dúbida. Dende o primeiro momento os estudantes aprenden principios de debuxo técnico e dominio dos materiais que os levan a ser capaces de deseñar mobles



Os alumnos e mestres supervisan os traballos xa rematados

proprios, ou a ser quen de resolver construcións a partir dunha simple fotografía. As instalacións do ciclo están cheas de mesas, armarios, mobles auxiliares ou sillas construídas polos alumnos, e que exhiben deseños torneados, curvas, ensamblaxes ou trenzados de madeira de gran complexidade.

Ademáis de ser quen de crear mobles con acabados perfectos, os estudantes do ciclo de madeira aprenden todo o relativo á instalación de mobles e carpintería. Segundo sosteñen os profesores, os estudantes rematan plenamente preparados para o mercado laboral.



Dende primeiro abundan as horas de práctica



Os estudantes desenvolven todo o proceso de fabricación dos mobles, dende o seu deseño no ordenador, á construción e montaxe

DE PRETO | Unha vella reivindicación en Toques


O cemiterio da discordia

Os veciños de A Capela reclaman os títulos de propiedade das sepulturas

En Toques, ata o descanso eterno pode resultar unha tarefa ardua. Alomenos, se a sepultura en cuestión pertence ao cemiterio da parroquia de A Capela. O mes pasado, e en plena campaña electoral, os veciños e os responsables municipais mantiveron unha xuntanza na que estaba previsto que o rexedor fixera entrega aos veciños dos panteóns do cemiterio parroquial, un camposanto que leva xa preto dunha década construído, e que supuxo a terceira intentona dos veciños por facerse con tumbas propias.

Na xuntanza organizada para a entrega dos panteóns, os veciños tiveron a confirmación dunha sospeita que pululaba xa entre o vecindario: que non poderían contar cos correspondentes títulos de propiedade, senón que terían que conformarse coa cesión, por tempo ilimitado, das respectivas sepulturas. A historia que rodea ao cemiterio novo de A Ca-

pela arrinca no ano 1995 coa donación por parte dun veciño do terreo necesario para edificar o novo cemiterio. A donación foi feita a nome de toda a parroquia, pero sen embargo, foi o Concello quen se ofreceu para xestionar a construción do cemiterio, a cambio dunha cantidade próxima aos 1.800 euros por panteón. Así se fixo, e o Concello encargouse de executar a obra. O problema chegou agora cando á hora de facer entrega dos títulos de propiedade aos veciños, o concello non pode outorgalos. A administración local construiu a obra en terreo que non é de titularidade municipal, o que lle impide facer entrega de título legal algún. Segundo indicaron os veciños, o único do que poden dispoñer os afectados é dun documento de cesión que non recollería un período de tempo determinado, algo que non satisface á meirande parte da parroquia, que esixe ter en pro-



Os veciños de A Capela reclaman os títulos de propiedade dos panteóns

riedade o seu panteón. Para complicar máis a cuestión, trala reunión do pasado mes varios dos afectados, ao saber que non terían en propiedade o panteón, negáronse a pagar a parte que lles quedaba por abonar ao concello da construción da sepultura. Mentras, na parroquia hai para todos os gustos, veciños dispostos a pagar o que lles resta, outros que non teñen pensado sumar un euro máis ata ter en propie-

dade a súa tumba, mesmo os que non pagaron nin un só euro, teméndose o que finalmente se confirmou.

Terceiro intento

Conseguir en propiedade un panteón en A Capela non é tarefa doada. Segundo indicaron os veciños, esta é a terceira intentona de construír un cemiterio parroquial. O primeiro intento foi desestimado, logo de pagar os terreos, por motivos histórico-artís-

ticos, ao pretender construírse nas inmediacións da igrexa da Capela. A segunda tentativa tamén se veu abaixo, e agora, coa terceira intentona, os veciños aínda non poden ver cumprido o seu desexo de contar cunha sepultura en propiedade.

Mentras se agarda unha posible solución á reclamación dos veciños, o novo cemiterio de A Capela xa presenta unha ducia de nichos ocupados.

A unidade móbil do centro de transfusión rexistrou 88 doazóns

A última visita da unidade móbil do Centro de Transfusión de Sangue a Melide rexistrou un total de 88 doazóns. Segundo indicaron dende o propio Centro, o número total de doantes foi moi elevado, e recupera a tendencia á alta rexistrada no concello. E é que Melide supera con éxito a taxa de doazóns de sangue recomendada pola Organización Mundial da Saúde, que sitúa entre 40 e 60 as doa-

zóns recomendadas por cada mil habitantes e ano.

Segundo engadiron dende o Centro de Transfusión de Galicia, na última visita da unidade móbil a Melide, rexistráronse ademais cinco doazóns correspondentes a persoas que doaban por primeira vez.

Dos concellos da comarca, Melide é o que rexistra unha maior taxa de doazóns de sangue por ano, seguido por Sobrado dos Monxes.



Na última visita da unidade móbil rexistráronse 88 doazóns, 5 delas de novos doantes

O estudo é o paso previo á redacción do proxecto de mellora da vía

Efectúan o levantamento topográfico da estrada que une Melide e Ribadulla

Moreda ratificou en Visantoña a vontade da Deputación de mellorar a carretera

A Deputación da Coruña iniciou xa os procesos precisos para poder efectuar a mellora da estrada que une Melide e Ribadulla. O pasado mes unha empresa iniciou os traballos do levantamento do plano topográfico de toda a vía, o paso inicial para poder redactar posteriormente o proxecto de reforma da estrada.

A mellora da vía que comunica a capital da Terra de Melide coa aldea de Ribadulla é unha vella reivindicación dos veciños, que denunciaron en reiteradas ocasións a perigosidade da estrada. Os usuarios da vía queixanse de que a plataforma é estreita, así como do seu mal estado, e da limitada visibilidade que ten en varios treitos.

Despois de anos agardando

a que se efectuaran as melloras na estrada, en xaneiro varios veciños dirixíronse ao presidente da Deputación, Salvador Fernández Moreda, acompañados por representantes do PSOE de Santiso para interesarse pola situación do proxecto, e os procesos. No organismo provincial informáronos de que non había ningún proxecto redactado posto que non recibiran as peticións oportunas.

Moreda en Visantoña

Dentro dun acto de campaña organizado polos socialistas de Santiso, o presidente da Deputación acudiu a Visantoña para explicar a situación da estrada. Moreda ratificou que se estaba a elaborar o levantamento topográfico preciso para a redacción do proxecto,



O PSOE de Santiso interesouse pola situación dos traballos

to, e insistiu en que non houbera interese por parte dos gobernates do PP en reclamar a mellora da estrada.

Moreda quixo deixar claro que o proceso de mellora da estrada levará un tempo, posto que trala redacción dos correspondentes proxectos, haberá que proceder á expropiación dos terreos necesarios para a

ampliación da estrada. Moreda indicou que no caso de que o concello conseguise consenso dos propietarios á hora de vender os terreos, se axilizaría o proceso, e subliñou que deste xeito a Deputación estaría en disposición de incrementar o prezo por metro cadrado, posto que se reducirían custes no proceso.

As unidades móbiles de detección precoz do cancro de mama estiveron na comarca

O programa galego de detección precoz do cancro de mama visitou nas pasadas semanas a comarca da Terra de Melide. Unha unidade móbil do programa acudiu ao concello de Santiso o pasado mes, mentras que nas últimas semanas de maio e primeiros de xuño foi o turno para as mulleres de Melide.

Prevenición

O programa galego de detección precoz do cancro de mama está a favorecer a realización de revisións periódicas nos concellos galegos a través de unidades móbiles que se desprazan aos municipios cada dous anos. Durante o verán prevése que unha unidade se achegue a Sobrado.

A fiscalía interésase pola legalidade de dúas construcións en Toques

O fiscal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de denunciar ante o xulgado de Arzúa dúas construcións en Toques que o xuíz deberá dilucidar se son legais ou non. Trátase dunha vivenda e unha nave construídas na parroquia de Santa María de Ordes e que, según a fiscalía poden incurrir en delicto ao estar edificadas nunha zona catalogada como xacemento arqueolóxico.

EN abril a fiscalía dirixiuse ao concello de Toques solicitando información sobre as dúas construcións, e pedindo información referente ás licencias administrati-

vas, á cualificación do chan, así como se as fincas se circunscriben ao xacemento de Requeán, e sobre a normativa existente para preservar a zona.

A investigación da fiscalía prodúcese despois de que o pasado mes de xaneiro a Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia remitira un escrito ao concello de Toques informándoo de que deran conta á Subdirección Xeral de Disciplina e Informes da actividade construtiva que se estaba a desenvolver no xacemento de Requeán. Patrimonio informaba de que viña de tramitar un



O xulgado de Arzúa deberá dilucidar se as construcións se axustan á legalidade

expediente administrativo pola construción dun garaxe situado a carón da vivenda que agora investiga o fiscal. O informe de Patri-

monio destacaba ademais a ubicación das construcións dentro do xacemento calcolítico de Requeán, así como doutros dous xacementos

catalogados como bens a protexer. Segundo Patrimonio, as construcións carecían ademais de calquera autorización.

EXPERT MELIDE

Expert Melide: a garantía de formar parte dun gran grupo

O establecemento opera na capital da comarca dende hai unha década

Hai unha década que abriu en Melide Expert Bendaña S.L. Neste tempo, o comercio afianzouse como un dos establecementos de referencia á hora de falar de electrodomésticos. Aínda que boa parte das vendas de Expert Melide corresponden ao sector dos electrodomésticos, a empresa fundada por Jesús Bendaña, e que ten a súa matriz en Arzúa, abrangue outros campos de venda, como son o sector da telefonía, o mobiliario de cociña, ou a televisión dixital.

As preto de tres décadas que Bendaña Arzúa ten ás costas permitíronlle ao empresario abrir o establecemento de Melide tendo pleno coñecemento do negocio. A experiencia que dan 30 anos está ademais respaldada por pertencer á rede comercial de Expert, unha sociedade cooperativa que aglutina a máis de dous milleiros de establecementos en toda España, e que conta co prestixio de ser un dos nomes propios no sector das vendas de electrodomésticos.

Precisamente pertencer a unha gran cadea permítelle a Expert Melide atender con dilixencia as demandas dos seus clientes, posto que contan cun sistema informatizado que recolle a oferta actualizada do catálogo e que permite reservar calquera electrodoméstico. Ademais, a entrega dos produtos está marcada pola rapidez.

Outra das vantaxas que Expert Melide lle ofrece



Pequeno e gran electrodoméstico comparten protagonismo na tenda de Expert en Melide

aos seus clientes son as promocións e campañas que se suceden de xeito constante durante todo o ano.

Os produtos

Primeiras marcas como Fagor, Siemens ou Edesa comparten estantes en Expert Melide, tanto na sección de pequenos electrodomésticos como na de lavadoras, frigoríficos, frezapatros, audio ou vídeo. En canto á sección de telefonía móbil, Expert Melide é dende hai anos distribuidor de Movistar. O comercio tramita a través de internet todo tipo de demandas dos clientes.

Aínda que é en Arzúa donde Bendaña dispón dun amplo espazo expositor de cociñas, Expert Melide tamén opera como distribuidor de cociñas Santos. O deseño e a calidade caracterizan as cociñas Santos que distribúe o establecemento melidense. Expert estuda e diseña cociñas adaptadas aos gustos e necesidades de cada cliente pre-



As cociñas son un dos puntos fortes do negocio de Bendaña

parando, sen compromiso, o correspondente orzamento.

Para completar a ampla oferta que Expert Melide propón aos seus clientes, o establecemento opera como distribuidor de Dixital Plus.

O amplo abano de produtos e servizos que ofrece Expert Melide permítelle ao establecemento manter durante todo o ano o seu nivel de vendas, se ben indican que os meses de verán e a campaña de Nadal son as épocas de

O asesoramento personalizado marca a diferenza nos pequenos comercios

Unha das máximas que rexen Expert Melide é que o cliente esté satisfeito co produto que merca. Á hora de mercar un electrodoméstico en Expert Melide crén que o cliente busca que o traten ben, e que o responsable do establecemento o asesore. No comercio melidense apostan por ofrecerlle aos clientes a información que precisa para coñecer as características do produto que está a mercar, as distintas funcións, e mesmo unha comparativa cos demais produtos da gama.

En Expert apuntan que á hora de mercar un electrodoméstico os clientes deixanse aconsellar polo dependente, porque unha das razóns que impulsan aos compradores a decantarse polos comercios pequenos e non polas grandes superficies é o trato personalizado e a opinión autorizada dos comerciantes.

maior incremento de vendas.

Servizo técnico

Para completar a oferta de servizos que Expert Melide presta aos seus clientes, o establecemento conta tamén cun servizo de reparación. Un empregado de Expert atende na tenda ou a domicilio as reparacións que hai que efectuar e no menor tempo posible. Cando os produtos a arranxar están aínda en garantía, Expert opera cun grupo centralizado que remite ao correspondente servizo técnico o produto a reparar, garantindo que se subsanen as deficiencias dos produtos.

O disco foi editado pola Federación Galega de Comercio ASETEM-CCA repartiu cd-roms con técnicas de escaparatismo

Os comerciantes melideneses xa teñen nas súas mans o último cd-rom editado pola Federación Galega de Comercio. Trátase dun cd-rom ao que acompaña un manual, e que recolle as técnicas e principios básicos que rexen a creación de escaparates atractivos e actuais. O cd contén ademais unha aplicación lúdica para axudar a idear escaparates.

Para que os comerciantes melideneses poideran ter acceso ao texto e o cd editados pola Federación Galega de Comercio, ASETEM-CCA organizou un encontro no que un representante da federación explicou os contidos e funcionamento do cd-rom, e entregou aos asistentes cadanseu exemplar.

O obxectivo co que a Federación Galega de Comercio editou este cd-rom é para que sirva como ferramenta formativa e ins-



A Federación entregou os cd-roms aos comerciantes

trumento para os negocios comerciais xa existentes e para os de nova creación. Dende o ente federativo entenden o libro-cd como un manual que ten a *utilidade de axudar na elaboración dun elemento tan vital para a atracción dos consumidores como o é o*

escaparate de establecementos, subliñou o presidente do colectivo, José María Seijas durante a primeira presentación do cd-rom.

O cd-rom de escaparatismo é o quinto manual que edita a Federación Galega de Comercio.

ASETEM-CCA celebra o 21 de xuño a súa asemblea anual

O vindeiro 21 de xuño a Asociación de Empresarios Terra de Melide-Centro Comercial Aberto celebrará a súa asemblea anual de socios. Será ás 21 horas en primeira convocatoria, e ás 21.30 en segunda convocatoria. Durante a asemblea, que

se celebrará na sede de ASETEM-CCA na rúa Lino Sexto, darase conta das actividades desenvolvidas polo colectivo durante o exercicio 2006. Todos os socios de ASETEM-CCA están convocados para asistir á asemblea.

Aberto o prazo para anotarse no curso de transporte de mercadorías perigosas

Ata o 15 de xuño estará aberto o prazo para inscribirse no curso de transporte de mercadorías perigosas. Os interesados en anotarse poden dirixirse á sede da Asociación de Empresarios Terra de Melide-CCA.

O curso de condución de mercadorías perigosas consta de 18 horas ás que se lle sumarán 9 máis no caso de querer obter o permiso de camión cisterna.

Os que xa dispoñan do curso de transporte de

mercadorías perigosas e só precisen renovalo deberán cursar 9 horas, que se impartirán en horario de fin de semana.

O curso de condución de mercadorías perigosas de 18 horas distribúese en 15 horas teóricas e 3 prácticas. A parte práctica adica unha hora a primeiros auxilios, outra a cisterna, e unha máis a extinción de lumes.

O prazo de inscrición remata o 15 de xuño, se ben as prazas se adxudicarán por orde de solicitude.



ASETEM-CCA estrea nova páxina web

Dende o mes de maio a Asociación de Empresarios Terra de Melide-Centro Comercial Aberto conta cunha nova web. A nova web mantén as seccións de

socios, a historia do colectivo, así como o acceso aos números de Cerne. Ademais, engade unha escolma das novas máis importantes do colectivo actualizadas,

así como diversos links a outras webs de interese vencelladas co sector empresarial e comercial. Para acceder á web: www.asetem.com



CENTRAL:

Fernando González nº 4 - 3º Dcha
15004 A CORUÑA

Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120



PLANTA LA CORUÑA

Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3
15008 A Coruña

Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO

Ctra. Nacional VI, km. 555

Aranga - A Coruña

Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE

Pol. Industrial Madanelo, par. 30
Melide - A Coruña

Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISIÓN EXTERNA

Xesús Manuel Marcos gaña o certame Terra de Melide 2007

O certame de creación literaria Terra de Melide 2007 xa ten gañador. O xurado do premio de narrativa seleccionou *A lúa dos everglades*, de Xesús Manuel Marcos como a obra gañadora desta sétima edición.

A lúa dos everglades recrea e recupera o fenómeno da emigración a través da integración de tres historias, proponendo un *thriller* no que se reflexiona sobre os exilios sentimentais dos protagonistas. O barrio bonaerense de Belgrano e as cidades de Miami e Madrid son os escenarios nos que se recrea a historia.

A obra de Xesús Manuel Marcos foi elixida como a gañadora do certame de entre 17 novelas presentadas. O xurado da sétima edición do premio estivo presidido por Ánxeles Vázquez, e contou coa escritora e xornalista Olalla Cociña, o editor de Xerais Manuel Bragado, o escritor David Otero, o normalizador lingüístico do concello de Melide Xoaquín Vázquez Rodríguez e Xosé Domingos Fuciños como integrantes.

Dotación

O certame literario Terra de Melide está dotado con 6.000 euros, e a publicación da obra. Será a editorial Xerais a encargada de levar ás librarías a obra de Xesús Manuel Marcos. O sábado 9 de xuño terá lugar no salón de pleno do concello de Melide un acto simbólico de entrega do premio ao que asistirá tamén o autor da novela. Será ás 12 horas.

O programa, impulsado polo Xacobeo, visitará Toques, Melide e Sobrado

Vai de Camiño fará parada na comarca con catro actuacións este verán

A Banda de Visantoña tomará parte na programación musical estival

Vai de Camiño arrinca novamente. O circuito lúdico cultural organizado polo Xacobeo nas vilas e cidades polas que transcorren as vías peregrinas iniciou o un de xuño a súa andaina, que concluirá o 29 de setembro con 118 espectáculos ás costas. Ao igual que na edición do 2006, *Vai de Camiño* fará parada na comarca da Terra de Melide, na que xa están confirmadas catro actuacións para os meses de xuño, xullo e agosto.

A primeira das actividades de *Vai de Camiño* que se celebrará na bisbarra será no concello de Toques, polo que atravesa o Camiño Primitivo. O vindeiro día 17 será a Banda de Música de Chapela a encargada de amenizar a tarde aos veciños, visitantes e peregrinos. Xa no mes de xullo, o día 14 *Vai de Camiño* traerá a Melide a Os Quinquilláns,



No 2006 *Vai de Camiño* chegou a Melide o concerto de Mercedes Peón

un pasarrúas e a actuación de Milladoiro. O terceiro dos concertos xa programados para a Terra de Melide, será tamén na capital da comarca, e correrá a cargo de Holywaters e HighSieras.

Sobrado dos Monxes será o municipio no que recalará a última das actuacións previstas para a comarca dentro de *Vai de Camiño*. O

concello acollerá o 18 de agosto a actuación de Dani López, enmarcada dentro da ruta do Camiño do Norte.

Coa segunda edición de *Vai de camiño* o Xacobeo aposta por dinamizar a industria cultural galega achegando actuacións a toda a xeografía galega. Desta volta serán 112 os concellos surcados polas rutas xacobeas

que acollerán actuacións ou actividades programadas dentro de *Vai de Camiño*.

Banda de Visantoña

Ademais de ser beneficiaria de catro actuacións, a comarca da Terra de Melide tamén aporta artistas á nómina de *Vai de Camiño*. É o caso da Banda de Música de Visantoña, que será unha das participantes.

As asociacións de mulleres rurais de Sobrado e Santiso viaxaron a

Lourdes e Andorra

As asociacións de mulleres rurais de Santiso, Sobrado e Teixeira organizaron o pasado mes unha viaxe de catro días á cidade francesa de Lourdes, a Andorra e á cidade aragonesa de Zaragoza. En total foron 74 as mulleres e homes que participaron na actividade organizada polos tres colectivos.



A viaxe dos tres colectivos incluíu unha visita á cidade de Zaragoza



Alumnos do IES, e dos colexios Número 1 e Número 2 participaron no Corremelide

Corremelide chega en plena forma á súa sétima edición

O IES melidense organizou o pasado mes a sétima edición de Corremelide. Desta volta foron 480 os estudantes da comarca que participaron na competición. Os colexios Número 1 e Número 2 de Melide estiveron representados por 107 estudantes de entre terceiro e sexto de primaria que tomaron a saída na parte posterior do concello, percorrendo as rúas do casco histórico da vila.

Do IES foron 373 os estudantes que participaron na carreira popular na que deporte e cultura se dan a man. A organización preparou para os maiores un percorrido de aproximadamente 1.100 metros que os levou polo Castelo e o casco histórico da vila.

Xa na meta, os primeiros e segundos clasificados de cada categoría recibiron cadanseu trofeo, mentras que os clasificados do ter-

ceiro ao sexto posto foron premiados con medallas. Os gañadores de cada proba recibiron tamén como agasallo *O aforriño*, un xogo baseado no aforro enerxético creado no propio IES.

Ao remate das probas deuse lectura aos dous manifestos en lingua galega gañadores do certame, e asinados por Ánxela García Mato e Elma Barreiro e Suriña Vázquez.



Cartel do documental China Blue

A Tenda Xusta acolleu unha charla sobre a explotación no textil

A Tenda Xusta en colaboración coa ONG Amaranite organizou o pasado mes dous actos nos que se abordou a problemática da explotación no traballo textil. O primeiro dos actos foi unha conferencia na que dous sindicalistas marroquís explicaron a situación de explotación á que están sometidas as mulleres marroquís que traballan para as empresas textís. Os oradores fixeron mención á falla de dereitos e ás condicións infrahumanas que rodean ás traballadoras, e ilustraron a explicación con

algúns dos casos extremos que abundan no país. Na conferencia expuxeron tamén o proxecto Ropa Limpa, impulsado dende Holanda, e que tenta controlar a explotación textil a través de controis sobre as zonas de procedencia da roupa e as condicións nas que foi confeccionada. O proxecto busca ademais fornecer de traballo xusto a cooperativas textís.

Para abordar a problemática da explotación textil chinesa tamén se proxectou o documental *China Blue*.

As escolas deportivas de Melide pecharon o curso cunha gran exhibición no pavillón

Centos de nenos, mozos e maiores clausuraron o pasado mes as escolas deportivas organizadas polo concello de Melide cunha gran exhibición. Durante varias horas, os espectadores poideron desfrutar das exhibicións e finais das diferentes modalidades deportivas que se ofertaron durante este ano.

Ao igual ca en anteriores edicións, a oferta das escolas deportivas incluíu ballet clásico, baile moderno, pimpón, patinaxe, baloncesto, bádminton, inicia-

ción ao tenis, balonmán, voleibol e multideporte. O fútbol sala dividiuse nas categorías de prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e feminino, mentras que os veciños da terceira idade poideron participar en ximnasia específica para maiores, así como ximnasia de mantemento para adultos.

Outros cursos que se impartiron foron os de música e movemento, pintura para nenos e adultos, así como informática, mecanografía e galego.



Os participantes nas escolas desfilaban baixo o lema *Os de melide facemos deporte*

Preto dun cento de estudantes da Terra de Melide acudiron ao III Encontro Escolar Galego de Xogos Tradicionais

O patrimonio lúdico galego tivo a súa festa o día 26 de maio no Complexo Deportivo Monterrei, na localidade ourensá do Pereiro de Aguiar. Alí, nenos e nenas de toda Galiza practicaron un total de 23 xogos tradicionais durante toda a xornada.

No Encontro a Terra de Melide estivo representada un ano máis por rapaces e rapazas do Pastor Barral e do Instituto. Tamén acudiu un número importante de alumnos e alumnas de Boimorto.

Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional (www.agxpt.org)

Ao longo dos tres últimos anos profesionais do ensino procedentes de todo Galicia, coordinados por Brinquedia, Rede Galega do Xogo Tradicional (www.xogospopulares.com) realizaron sucesivas convocatorias dunha xornada na que se reúnen nenos e nenas de toda Galiza para practicar xogos tradicionais. Os Encontros anteriores celebráranse no Parque de Bonaval, en Santiago, e no parque de Acea da Ma, en Culleredo, respectivamente, e na programación das sucesivas edicións foran contempladas tamén exhibicións de deportes tradicionais de adultos tales como a estornela (tamén chamada billarda), a chave ou os birlos (bólos).

A propia Directora Xeral para

o Deporte, Marta Souto, gabara na presentación pública da actividade o traballo realizado polas distintas entidades que traballan no desenvolvemento de proxectos encamiñados á recuperación dos deportes tradicionais, e afirmara que "á Consellería de Cultura e Deporte acáenos a recuperación dos xogos, porque é un eido enmarcado na posta en valor do noso patrimonio cultural", e acrecentou aínda que "recuperar o noso patrimonio lúdico é unha tarefa necesaria e unha ferramenta básica para a nosa identidade como pobo". Pola súa banda, a Secretaria Xeral de Igualdade, Carme Adán, tamén presente na presentación pública, destacara que os xogos tradicionais *supoñen a creación dun espazo en igualdade para*

nenos e nenas no que non se valora a competitividade, senón a convivencia. Tanto unhas manifestacións como outras destas dúas responsábeis políticas, veñen demostrar que a cuestión da recuperación do patrimonio lúdico parece ir consolidándose ano a ano, e que o propio goberno galego decidiu apoiala con decisión.

Particularmente, a Terra de Melide estase caracterizando polo seu protagonismo a nivel galego no que fai referencia tanto á cantidade como á profundidade dos proxectos que se están poñendo en marcha no seu territorio. Ademais do "Pastor Barral" e do Instituto, paseniñamente están tomando forma iniciativas de recuperación no colexio de



Dous nenos xogan durante o encontro

Visantoña e, máis recentemente, no da Martagona. Cómpre recordar que en Melide ten a súa sede operativa tamén a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional, que ten desenvolvido actividades de divulgación do patrimonio lúdico galego en, ata o momento, 82 puntos diferentes da xeografía galega, ademais de estar preparando o Libro dos Xogos da Terra de Melide. A AGXPT, por outra parte, é unha das entidades fundadoras da Rede

Galega do Xogo Tradicional Brinquedia.

O III Encontro Escolar Galego de Xogos Tradicionais desenvolveuse dende as dez da mañá do sábado 26 ata as 18 horas. Pola mañá os rapaces e rapazas practicaron vinte e tres xogos tradicionais diferentes e, despois do xantar, realizáronse exhibicións de birlos ao canteiro, birlos celta, as tres principais modalidades da chave e de estornela.

Persoas revolucionarias

VANESSA MARTÍNEZ IGLESIAS

Suponse que cando non estás de acordo cun sistema tes que, para empezar, non alimentalo, e para continuar, non crear outro igual pero con outro nome. A xente está obsesionada con criticar actitudes pero logo, á hora de actuar, non vexo grandes diferenzas.

Na Xunta ándanse pelexando por mellorar a lei de parellas de feito; din os que máis existen esa mellora que pre-

tenden *equiparar os dereitos desas parellas cos dos matrimonios*. Vaia por diante que eu creo nas liberdades absolutas sempre que non limiten as dos demais, que cadaquén faga o que queira. Pero, digo eu: e se vai ser o mesmo, para que dúas cousas distintas? Cal é a diferenza entre casar polo civil e apuntarse nun rexistro de parellas de feito? Se cadra a diferenza é que a xente

esqueceu que hai outras maneiras de casar -e de acadar beneficios económicos e fiscais- ca presentarse diante dun cura nunha igrexa. De feito iso só non nos dá dereito ningún. A xente que máis ataca a celebración de matrimonios é a mesma xente que logo se inscribe nun rexistro de *persoas oficialmente en contra do nome de matrimonio pero na práctica casados*. Non creo que as

opcións modernas e innovadoras sexan as que copian o que critican e lle dan outro nome. Así o vexo eu.

Mais non é a primeira vez que pasa algo así. Non hai moito lin que se estaban celebrando bautizos laicos. ¿?. Entendo que quen queira ir contra ese corrente non é a parafernalia o que debe cambiarse: é o sentido mesmo das nosas accións, e

imitar un sistema que dicimos rexeitar non me parece a mellor forma de crear un mellor.

Normalmente, as ideoloxías e as revolucións máis fortes non son as que fan máis ruído. Poñer a nosa ideoloxía nunha camiseta coma se fosemos persoas-anuncio, ou lucir o lazo anti ou *pro-conflito de moda* non nos vai facer máis activos nin máis críticos.

SEMBLANZA DE D. XAVIER MARÍA GOROSTIAGA ATXALANDABASO, SJ (Xesuíta, economista, activista en América, nado en Melide)


Milo Mosteiro Mato (Portugalete-Bizkaia)

Xosé Domingos Fuciños Gómez (Melide- Galiza)

Xavier M^a Gorostiaga A., naceu en Melide o 14 de Xaneiro de 1937, na Rúa do Progreso na casa do Notario D. Ánxel Gorostiaga Goitisoló. Seu pai, Luciano Gorostiaga Goitisoló, irmán de D. Ánxel, fora concelleiro de ANV-EAE (Acción Nacionalista Basca- Eusko Abertzale Ekintza), no Concello de Bilbao, e por mor da persecución da que foi obxecto, despois do 18 de Xullo do 1936, fuxiu coa súa dona Catalina Atxalandabaso Zalbidea, para Galiza.

D. Ánxel, o Notario, viñera remates dos anos 20 para Melide de Bilbao, casándose con Dona Nicolasa Salgado Codesido, natural de Santo Tomé de Castro (Melide). Xavier M^a tiña tres irmáns, Jose Antonio, Maricarmen e Koldo, educados nos ideais da liberdade do pobo Basco, dos dereitos dos pobres e da xustiza. Tivo unha grande relación co seu tío D. Ánxel, e tamén coa familia Sierra, sendo a súa noiva máis seria de Melide, onde viña con frecuencia nos veráns cando era novo.

Estudou en Orduña e no 1954 fíxose Xesuíta. No ano 1957 marcha para Cuba,



Fotografía de Xabier María

onde é testemuña da Revolución. Logo do primeiro ano do mandado de Fidel Castro, seguiu co seu CAMIÑO, que o levou á maioría das rexións do centro e sul de América: Ecuador, O Salvador, Nicaragua, Panamá, etc., o seu traballo deixou fonda pegada. Abandonou América Latina para

se doutorar en Economía na Universidade de Cambridge (Reino Unido), máis sempre retornou para aló. No ano 1998 deixara dito: *¡Levo 40 anos en América Latina e por riba, en que salsas mergullado!*

Xavier M^a, entre outros moitos cargos, responsabilidades e facetas, foi: Conselleiro de Economía no Goberno de Omar Torrijos (1971-75), na época na que Panamá negociou con Estados Unidos sobre o Canal de Panamá; foi Ministro de Planificación económica no primeiro Goberno Sandinista(1979-81); Reitor da Universidade de América do Centro de Managüa (Nicaragua) no 1997; experto das Nacións Unidas; un dos portavoces do Foro Social de Copenhague; Secretario Xeral dos Xesuítas de Latinoamérica. Amigo do Padre Arrupe e dos Teólogos da Liberación, Leonardo Boff e Gustavo Gutiérrez, sempre estivo con as preocupacións sociais dos máis necesitados e loitando pola xustiza e por Euskadi, dende a diáspora. Un bó home a imitar.

Finou no Santuario de Loyola (Azpeita-Gipuzkoa) en Setembro do 2003.

O Melide de onte



Celebración do Corpus en Melide

A fotografía data dos anos 60 e pertence ao arquivo dos irmáns Fuciños, Casa de Pita

Se habla de mitos y leyendas desde mucho antes de que la historia fuese escrita. En todos los lugares de

nuestro planeta se encuentran vestigios de culturas muy dispares las unas de las otras. Pero, ¿quién es capaz de explicar descubrimientos y hallazgos tan misteriosos y enigmáticos como las líneas de Nazca, que sólo son visibles si se vuela sobre ellas? Estas líneas ocupan más de quinientos kilómetros cuadrados de desierto en el sur de Perú. ¿Para qué fueron hechas? Es algo que todavía no sabemos. Al igual que la construcción de un águila de 36 metros de envergadura, y que está hecha con millares de piedras amontonadas en lo alto de un montículo de Georgia. Su construcción

PARAPSIKOLOGIA
CIENCIAS OCULTAS
Los enigmas que perduran
Por Ángel Curtis

data de más de 1.500 años. También se desconoce el significado y por quién fueron esculpidas las extrañas caras que se encuentran en la isla de Pascua. Forman un conjunto de 600 estatuas esparcidas a lo largo y ancho de toda la isla, construidas en piedra volcánica y con unos rostros nada familiares para nuestra civilización. Su medida va desde 1 metro hasta 20 metros de altura. Otro gran misterio lo supone el hallazgo de una calavera dentro de un templo Maya que data de más de mil años. Nadie entiende como pudo llegar allí, pero la rareza de esta calavera estriba en que fue tallada de una

sola pieza en un raro cristal de cuarzo, con un peso de más de 5 kilogramos y una altura de 12,5 centímetros. La creación de esta calavera supone unos notables conocimientos de óptica y una increíble técnica. ¿Qué civilización poseía entonces estos enormes conocimientos? Entre los restos de un barco griego naufragado hace más de 2.000 años se encontraron los restos de lo que se cree una calculadora metálica.

Todos estos misterios siguen sin encontrar una explicación. Quizás algún día nuestra civilización posea métodos para dar con la clave de todos estos misteriosos hallazgos, o alguien nos lo venga a aclarar.

22

Axenda

ACTOS EN XUÑO

- Sábado 9: presentación da obra gañadora do certame literario da Terra de Melide, *A lúa dos everglades*, de Xesús Manuel Marcos. Será no concello e Melide ás 12 horas.
- Mércores 13: celebración de San Antonio.
- Venres 15: remata o prazo para inscribirse nos cursos para obter ou renovar o carné de transporte de mercados-rías perigosas. Para inscribirse, acudir á sede de ASE-TEM-CCA.
- Sábado 16: constitución das novas corporacións e toma de posesión dos novos alcaldes en Melide, Santiso, Sobrado e Toques.
- Domingo 17: actuación da Banda de Música de Chapela en Toques dentro da programación cultural e lúdica do programa Vai de Camiño, do Xacobeo.
- Xoves 21: celebración da asemblea anual de socios de ASETEM-CCA. Ás 21 horas en primeira convocatoria e ás 21.30 en segunda. Será na sede de ASETEM-CCA.
- Venres 22: remata o prazo para presentar ofertas para a execución da segunda fase do polígono empresarial de Melide.
- Venres 29: celebración de San Pedro. Patrón de Melide.

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45, Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45 Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30	Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50 Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20
A CORUÑA - MELIDE De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00	MELIDE - LUGO De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos) Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25 Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50
MELIDE - FERROL Sábados: 19.15 Domingos e Festivos: 19.15	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila) Luns a venres laborables: Saída de Fondevila: 10.20 Saída de Melide: 12.30 Domingos excepto último de mes: Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00 Saída de Melide: 13.00 Último domingo de mes: Saída de Fondevila: 7.45 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
FERROL - MELIDE Sábados:10.30 Domingos e festivos: 17.00	
MELIDE - OURENSE De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20,00	
OURENSE - MELIDE De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15 Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19,15 Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela) Martes e venres laborables: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 12.30 Domingos excepto último de mes: Saída de Folladela: 8.40 Saída de Melide 13.00 Último domingo de mes: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
MELIDE - SANTIAGO De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40 (per. lectivo), 15.25, 17.50, 20.20	

TELÉFONOS DE INTERESE

URXENCIAS		Atención ao cidadán	981120012	I.E.S. de Melide	981505162
UrxenciasSanitarias	061	Valedor do pobo	981571900	C.E.I.P nº1	981505238
BombeiroS	080	Economía facenda	981545151	C.E.I.P nº2	.981505929
Incencios Forestais.....	..085	Industria e Comercio	981544341	Gardería	.981505003
Policía Municipal		Sevizo Galego Colocación	981125000	U.A.F. de Melide	981 507742
Urxencias	092	Teléfono da Muller	900400273		
Melide	981505003	Teléfono do Menor	900444222	SANTISO	
Policía Nacional	091	Dirección Xeral de Tráfico	900125505		
Garda Civil		Correos.	902197197	Casa do Concello	981818501
Urxencias	062	Auga	981242322	Centro de Saúde	
Melide	981505007	Electricidade	981147200	Agrochao	981517803
S.O.S		Gas.	900760760	Visantoña	.981510749
S.O.S Galicia	112			Xulgado de Paz	981 818501
Protec.Civil.	670498848	MELIDE			
TRANSPORTES		Casa do Concello	981505003	SOBRADO	
Renfe		Centro de Saúde	981506176		
Nacional	902240202	Servizos Sociais	981505012	Casa do Concello	981787508
A Coruña		Consevatorio	981507100	Desenvolvemento local	981787508
Santiago		Polideportivo	981507752	Centro de Saúde	981787744
Autobuses		Centro Social da 3ª Idade	981505706	Mosteiro de Sobrado	981787509
A Coruña	981239099	Parada de Taxis	981505390	Xulgado de Paz	981787508
Santiago	981542416	Oficina de emprego	981505204		
Aeroportos		Albergue Xuvenil	981507412	TOQUES	
A Coruña.	981187200	Albergue do Peregrino	660396822		
Santiago	981547500	Centro Ocupacional	981505003	Casa do Concello	981505826
Vigo	986268200	A.S.E.T.E.M-CCA	981506188	Centro de Saúde	981507301
SERVIZOS E INSTITUCIÓNS		Fundación Terra de Melide	981507244	Xulgado de Paz	981505826

SILVIA GARCÍA SALVADOR, SILVIA NOVIAS

Abrín a tenda porque quería ter un emprego sen renunciar ao meu fillo

O mundo das noivas non ten segredos para Silvia García Salvador. Aínda que partiu de cero no seu negocio nupcial, os tres anos

que leva á fronte do seu establecemento déronlle táboas como para controlar plenamente un sector complexo, pero que adora

Nove de outubro do 2004. Unha data que Silvia García Salvador non esquecerá posto que é o día que inaugurou a súa tenda de noivas en Melide. Un proxecto feito á súa imaxe e semellanza e no que se implicou de principio a fin. Dende as estanterías ata o vestidor levan o seu selo.

Vestidos de noiva de primeiras firmas, traxes para madriñas e festa así como vestidos de primeira comunión ocupan as estanterías de Silvia Novias.

-Que fai unha barcelonesa abrindo unha tenda de noivas no cerne de Galicia?

-Aínda non sei, supoño que as circunstancias. Eu son profesora de piano, e a miña vida sempre foi por ese camiño, pero aquí en Melide non había moitas posibilidades de encamiñarme á música. Entón este local quedou vacío, e animáronme a que o collera e abriera un negocio. Tiña claro que tiña que crearme o meu propio posto de traballo porque ademais non

Para traballar no mundo das noivas tes que estar moi ao día

quería renunciar a estar co meu fillo.

-E ese negocio foi unha tenda de noivas.

-Desde pequena o mundo das noivas gustoume moito. Lembro que de nena me disfrazaba de noiva!. Un día ocurriuseme: por qué non unha tenda de noiva?

-Non pensaches que un sector tan específico era unha aposta arriscada?

-Antes de abrir fixen un estudo de mercado, e a conclusión que recollía foi que era arriscado. E eu arrisqueime, e aquí sigo, contenta. Á fin e ao cabo, nesta



Silvia tomou parte no deseño das instalacións nas que ten a súa tenda

zona todos os negocios son un risco. Lugo e Santiago están a dous pasos, hai máis centros co-merciais, a xente colle o coche para todo, e ademais o sector das noivas esixe estar moi ao día, tes que moverte moito por Madrid e Barcelona, e o investimento é moi alto. Ademais comecei de cero.

-Sen embargo arriscaches, e involucrácheste de cheo no proxecto.

-Sí. Arrisquei e involucréime absolutamente ata o punto de que debuxei eu mesma o deseño que quería. Pensei: quero unha columna no centro cun sofá granate. A foto do escaparate é da voda de meus pais. Todo está pensado.

-Conseguiches o ambiente idóneo. E os contidos?

-Para traballar neste mundo tes que coñecer xente do mundo das noivas e estar moi ao día. Tes que moverte moito en feiras e demáis. Cando comecei, coa axuda dun experto en moda nupcial fomos unha por unha

ás fábricas. A partir de aí é cando tí tes que escoller a túa propia colección, e se acertas, pois ben.

-Porque a selección dos modelos tamén pasa polas túas mans.

-Sí, claro. Eu traballo con sete provedores de noiva. Eles preséntanche as súas coleccións e tí escolles.

-Aí entra en xogo o olfato ou o gusto persoal?

-Eu guíome polo meu gusto, e tamén polo que pide o mercado, pero isto é cando xa levas un certo tempo no negocio. Porque hai que ter en conta que podes ter cousa bonitas, e cousas menos bonitas, pero que sabes que van ser ven-

Hai que calibrar o gusto, co que se vende, e co orzamento

dibles. Iso adivíñalo co tempo.

-Trátase de calibrar o teu gusto coa demanda.

- En realidade o que tes é que calibrar o orzamento que tes co teu gusto e co que se vende. Aí está o produto adecuado. Pouco a pouco a incertidume vai deixando paso á segurida-

de. Porque mercar unha colección de noivas non é mercar unha colección de camisetas.

-Con cantos modelos traballas por tempada?

-Pois con 60. O ano pasado cheguei aos 65.

-Iso significa que hai demanda.

-Hai demanda, pero tamén tes o handicap de que a xente de Melide compra moito fóra. Á hora de mercar un vestido de noiva as mozas móvense moitísimo. Hai demanda, pero Melide é unha zona difícil. Ás veces a xente ten a falsa idea de que en Melide non van atopar produtos orixinais, ou que van a ser máis caros,

cando en realidade é todo o contrario.

-O máis difícil é darse a coñecer?

-Eu fixen propaganda en todo tipo de medios, e cheguei á conclusión de que o que máis funciona é o boca a boca, o que lle conta unha clienta á outra. É a mellor publicidade porque ademais real.

Calquera detalle pode facer que as noivas se incliense por un vestido

-Decidirse por un vestido de noiva é tan complexo como semella dende fóra?

-Depende. Hai dous tipos de casos: a moza que vén de probar de todo en todos lados, e que o que fai é pedirche o catálogo. E-la elixe os que máis lle gustan, e pasas ao armario ensinándolle un a un explicándolle todo. Normalmente estas noivas proban cinco ou seis traxes, e case sempre elixen o primeiro ou o segundo.

-Cal é o outro tipo de noivas?

-Pois as que parten de cero e o que che piden primeiramente é información, prezos, o que hai que facer, cantas probas son... Tí despois en-sínasalles o catálogo e daslle cita para unha proba.

-Á hora de probar as noivas sempre van acompañadas.

-Sí. Normalmente veñen coa nai, coa irmá ou con algunha amiga.

-Canto tempo pode pasar entre a primeira visual aos vestidos, e a decisión de mercalo?

-Moi pouco. Mesmo poden chegar a chamarte pola noite para que o garden se o que lles falla é o empuurrón final.

-Que é o que fai que a balanza se incline?

-Poden ser moitas cousas. Calquera detalle fai que opten por un ou outro vestido. Os traxes son absolutamente modificables. Calquera vestido é personalizábel. Ademais comigo colabora unha modista fantástica que fai un traballo fundamental.

-As noivas chegan abertas a suxestións?

-Normalmente xa traen unha idea, porque a publicidade marca moito, pero tí tamén aconsellas e chega a crearse certo vínculo con elas. De feito son a madriña da filla da primeira noiva que entrou na tenda.

Portada	P1	Cultura e lecer	P18
Editorial	P2	Colaboracións	P20
Especial eleccións	P3-8	Axenda	P22
Melide	P10	A entrevista do mes	P23
Melide e comarca	P14	Contraportada	P24
Empresa e comercio	P16		

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.).

Nº28. 5 de xuño -5 de xullo de 2007. Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com

O cambio...

ROCÍO FREIRE

... climático, percorre de xeito paradigmático e abraiante a nosa realidade, e como cambio que é, non camiña cara a cuarta era glacial, senón cara o desexo. Os montes líbranse xa do plastificante frío, e os ríos, contentos de encauzar tanto desboque cara o mar, non deixan gota ata confundirse coa nada. Amaina o temporal, e os lóstregos non caen para zurrar no lombo. O ruidoso trono perde o timbre como o reloxo no vacío. Remata a tronada... A revolución no tempo, raras veces ten a oportunidade de crear, modificar, por iso é preciso atender o momento, estar no momento.

Non é este un cambio paralizante, senón estimulante. Non é excluínate, empápa todo. Toca a fibra sensible da dor, por iso é tamén saudable e sano, forte coma unha viga, porque



está cheo de ilusión e de forza viva, de sabia nova...

Chegou coma nunca ao fondo da pel e da conciencia, abarca e embárcanos xa nun periodo, nunha era... Aparece tamén para que outro

tempo chegue a nós, para darnos a oportunidade de saber como conta diferente, e para ter a seguridade, logo de telo coñecido, que nin de broma queremos de novo o tempo vello.

Por anunciado e esperado non desmerece o desexo nin a reparación. É un cambio como consecuencia do mal mesmo. É sutil pero enérxico, e é reconfortante e xusto. Acabouse a hibernación. É hora de saír e respirar...

Chegou a nova primavera de finais de maio. Deámoslle unha oportunidade a este cambio no clima que nos espera, e que me serve (coma a bon entendedor...) como metáfora de sí mesmo para divagar sen ferir, e ferir sen divagar. Porque este cambio de estadio ten os seus artífices: os traballadores do cambio, que foron quén de vencer o medo e, co osíxeno da ilusión e o traballo, escalron a cima despexando así a néboa, a morriña, as pantasma, a longa noite... ao tridente que o fixo posible, grazas.

Suave. Cremoso. Nutritivo.

Queixo Arzúa-Ulloa

O tradicional queixo galego



Certificado pola
Denominación de Orixe

www.arzuu-ulloa.org
goce@arzuu-ulloa.org
Tél: +34 981 28 76 33



INSTITUTO DE ORIXES
CONSELO REGULADOR DO QUEIXO

